



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DE RIBEIRA SACRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PARTE DAS ACCIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DA PAISAXE CULTURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 2 de xuño de 2020 un convenio de colaboración cuxo obxecto era o establecemento das bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para a realización de parte das accións previstas no Plan de Xestión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Que na cláusula sexta establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Consorcio remata o 15 de outubro de 2020.

Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

Que o contexto actual da pandemia mudou os prazos, prioridades e plans de traballo de todas as institucións e entidades, entre eles, o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Que o Consello da Xunta aprobou o pasado día 9 de xullo a creación da Comisión Interdepartamental como un organismo que se encargue de xestionar e coordinar as iniciativas relacionadas coa candidatura deste territorio a Patrimonio da Humanidade. Formaban parte del as Consellerías de Cultura e Turismo, Medio Ambiente, Territorio, Vivenda, Infraestruturas, Mobilidade, Economía, Emprego, Industria e Medio Rural.

Que a addenda que se pretende asinar se **fundamenta** na necesidade de modificar a cláusula sexta do convenio, relativa á xustificación e pagamento.

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

